



ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
23.09.2021

LUGAR: Paraninfo do edificio Ernestina Otero – Campus de Vigo
DATA: 23.09.2021
HORA DE COMEZO: 11:30
HORA DE REMATE: 14:00

LISTA DE PARTICIPANTES

Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Castro Mouzo, Mercedes
Cebro Rodríguez, Xoán
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
Franco García, José María
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martín Moreno, José María
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Santamaría Conde, Juan José
Souto García, Raquel María

ESCUSAN PARTICIPACIÓN

Blanco Rial, María Gloria
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

NON PARTICIPARON

Couto Cancela, Daniel

SECRETARIO

Rodríguez Iglesias, Ignacio



O xoves, 23 de setembro de 2021, ás 11:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.07.2021).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.
4. Informe da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, sobre datos de matrícula do curso 2021/2022, evolución, comparativas e reflexións que procedan.
5. Aprobación, se procede, dos prezos e taxas dos títulos propios da Universidade de Vigo para o curso académico 2021/2022.
6. Prezos públicos aplicables ao persoal investigador visitante. Proposta de modificación.
7. Proposta para a composición das Comisións permanentes do Consello Social: Executiva, Económica e Actividades e Servizos.
8. Designación de representantes do Consello Social no Consello de Goberno e nas comisións correspondentes.
9. Designación de representantes do Consello Social na Comisión de Igualdade, na Mesa de Contratación e na Comisión de Estudos Propios da Universidade de Vigo.
10. Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na convocatoria "Ourense Rural", promovida pola UVigo para o curso 2021/2022.
11. Informe sobre os convenios asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de xullo e agosto de 2021.
12. Rogos e preguntas.

Os asistentes reciben exemplares da Axenda para o curso 2021-2022, que será entregada ao estudiantado da UVigo. Unha iniciativa que, de xeito anual, promove a patrocina o Consello Social cada principio de curso.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (29.07.2021).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Agradece Ernesto Pedrosa a alta asistencia e dá a benvinda expresa aos novos membros que non puideron acudir ao pleno anterior. Alude na primeira parte da intervención aos tempos convulsos que está a vivir a universidade, con normativas continuas e cun profundo debate ao redor do anteproxecto da Lei Orgánica do sistema universitario (LOSU). O presidente afirma que, fronte a este escenario de controversia, "as universidades seguen a traballar en fortalecer ofertas e cumprir responsabilidades, ao igual que están a facer os Consellos Sociais que tentan asentar liñas de futuro".

Subliña de seguido a importancia e transcendencia de asuntos recollidos na Orde do día "que nos farán avanzar cara culturas académicas menos inseguras e mais produtivas, xenerosas, útiles e abertas". Cita como exemplos os títulos propios que ofrecerá, e o proxecto "Ourense rural". "Son propostas – manifesta- activas coas necesidades das persoas e solidarias cos territorios". No primeiro dos casos apunta os fitos que comporta a súa apertura e agradece ao vicerreitor de Organización Académica e á directora da Escola a incorporación dun representante do Consello Social na Comisión de Estudos Propios. Respecto do segundo punto, Ernesto Pedrosa repasa os beneficios que reporta "por fomentar



igualdade de oportunidades e políticas inclusivas que faciliten vivir no campo". Matiza "estes dous puntos reflecten unha "universidade atenta, imaxinativa, comprometida e responsable".

Resalta o presidente como terceira cuestión importante os datos de primeiras matrículas na UVigo para o novo curso, que "amosan a alta resistencia da institución universitaria e a atracción que exerce sobre os xoves que a elixen para formarse". Agradece á vicerreitora Natalia Caparrini a súa presenza no Pleno para informar dos datos, e reitera o valor de que nunha situación demográfica adversa sigan sendo o prestixio e a confianza nunha boa formación os argumentos que están a guiar ao estudiantado cara á UVigo". Neste marco apunta a importancia de intensificar os estímulos á permanencia, e lembra que un de cada seis alumnos que ingresan nas universidades do SUG abandona tras o primeiro ano. Anuncia que o Consello Social pedirá datos sobre a situación actual da UVigo neste eido.

Sobre a nova conformación das comisións permanentes do Consello Social refire que as designacións foron feitas tendo en conta os criterios de territorialidade, xénero e antigüidade, engadindo que 21 dos 31 membros do Consello pertencen a algunha comisión, "o que sumado aos que desestimaron a súa presenza representa un elevado porcentaxe de comisionados. A todos os novos membros agradécelles a disposición "por aceptar un maior compromiso e dedicación" ao servizo da UVigo.

Pecha o informe comentando o anteproxecto da LOSU que estima prematuro comentar polo longo camiño que lle queda de tramitación, porque require a maioría absoluta do Congreso e porque outorga amplas facultades de desenvolvemento ás Comunidades Autónomas, "o que fai pensar que, cando conclúa o proceso, o texto definitivo parecerase pouco ao borrador inicial". Con todo, apunta que, á vista do borrador e nunha primeira aproximación, os Consellos Sociais deben botar unha mirada atrás, para dende esa experiencia reivindicar a futuro que queremos ser, onde pensamos que se nos precisa, onde queremos estar e onde podemos servir mellor á universidade.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Principia respondendo a unha consulta feita por María Ángeles García na que amosaba a súa sorpresa sobre a iniciativa da Universidade de Santiago que cada ano envía aos alumnos con mellores resultados da ABAU varios agasallos e unha carta na que os invita a participar nun acto e a estudar na USC, preguntándose porqué non o fai a UVigo. Manuel Reigosa informa que esa circunstancia dábase porque a USC dispoñía de datos que non tiñan as outras universidades galegas, o que será corrixido para que dende agora as tres estean en igualdade de condicións para proceder como estimen convinte neste eido.

Respecto doutra consulta de María Elvira Larriba sobre as instalacións que prevé ter a universidade na cidade de Vigo, o Reitor explica que está confirmado o edificio Faraday para Campus do Mar; e solicitados á Zona Franca o edificio Siemens, pensado para o Centro de investigación mariñas –"por ser unha localización perfecta, ao lado do CSIC"-; e á Xunta de Galicia o edificio Morse, para a Escola de Posgrao.

Sobre o Plan de financiamento participa que hai un principio de acordo avanzado para o primeiro ano do novo plan, e se ultima a negociación da senda de crecemento prevista durante a vixencia do Plan, e o reparto de fondos por obxectivos. Amósase optimista, e considera que "será mellor co Plan anterior", ao tempo que agradece o traballo que están a facer o vicerreitor de Economía, José María Martín Moreno, e a xerente, Raquel María Souto.

En canto ao Mapa de titulacións notifica o total acordo sobre os novos mestrados e avances no Grao e no Mestrado de Intelixencia Artificial para o Campus de Ourense. Anuncia que en breve negociaranse os Graos –"as tres universidades estamos a traballar para o curso 2022-2023"- que non dupliquen titulacións existentes e que non existan en Galicia.

No tocante ás solicitudes de traslado á cidade de Vigo, se ben advirte que "como proxecto global non vai adiante, si nos comprometemos a estudar as solicitudes e buscar o acomodo posible" a expectativas como a da Facultade de Ciencias do Mar, que propón baixar á ETEA; a da Comisión Académica do Máster de Bioloxía Mariña que solicita impartir docencia na ETEA; a do Máster de Acuicultura, que está valorando opcións; e a da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, que visitará a instalación de López Mora para tomar unha decisión.



(Incorpórase neste intre ao Pleno Juan José Santamaría).

Seguidamente dá conta da designación de José Montero Reguera como membro do xurado do Premio Cervantes, e da concesión do Premio nacional á mellor tradución 2021 a Helena Cortés.

Remata Manuel Reigosa referindo como prioridades (con fondos por fóra do Plan de financiamento) a planta piloto do CACTI no edificio do Campus da Auga en Ourense; no mesmo Campus o edificio para a Escola de Enxeñaría Aeroespacial, que daría solución tamén a Relacións Internacionais; e os terreos da antiga Tafisa, en Pontevedra, para dar acubillo a Deseño e Administración e Xestión pública; e como última prioridade, o edificio para Intelixencia Artificial.

PUNTO 4

Informe da vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, sobre datos de matrícula do curso 2021/2022, evolución, comparativas e reflexións que procedan.

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, Natalia Caparrini, dá conta dos datos referidos a Graos, xa que os de Mestrado e Doutoramento aínda teñen os prazos abertos. Se ben aclara que poderían variar lixeiramente cara arriba porque non se pechará a admisión ata o 30 de setembro. En liñas xerais, resume que se cubriron o 100,2% das prazas ofertadas, distribuíndose o 54% dos novos estudantes no Campus de Vigo, o 25% en Ourense e o 21% en Pontevedra. Por taxa de ocupación Ourense acadou o 101,9% da súa oferta, Vigo o 100%, e Pontevedra o 98%.

Explica mediante gráficas os datos pormenorizados de matrícula por Campus e por titulacións, e unha comparativa da histórica da evolución da matrícula e das taxas de ocupación rexistradas nos últimos anos, sendo este curso 2021/2022 o que rexistra unha maior oferta de prazas. E remata sinalando que o total de matriculados en Grao ascende a 16.136, en cifras aínda provisionais, correspondendo a mulleres o 52%.

Rematada a presentación, José María Franco dá lectura a un documento da Asociación Amigos da Universidade –“sempre moi interesada na captación”– no que efectúa distintas propostas, posibles actuacións e liñas de traballo tendentes a promover a captación de alumnos. Pon como exemplos as iniciativas das grandes universidades anglosaxoas, e mesmo a de Navarra ou as de Oxford e Cambridge “porque é moi útil coñecer como actúan”. Entenden que tamén a recentemente creada *Comunidade Alumni UVigo* ou a Base de datos de egresados, na que están a traballar Luis Espada e Víctor Cacharrón son tamén boas oportunidades para a captación, e remata propoñendo a creación de *Erasmus Iberoamericano* “unha magnífica canteira de candidatos a achegarse á UVigo.

Natalia Caparrini agradece a aportación e pide que se lle dea traslado para valoralo. Ernesto Pedrosa agradécelle á vicerreitora o informe presentado.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 5

Aprobación, se procede, dos prezos e taxas dos títulos propios da Universidade de Vigo para o curso académico 2021/2022.

O presidente introduce este punto, repasando os aspectos máis destacados da proposta remitida dende a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, ao abeiro do artigo 81.2 da LOU, conforme aclara o secretario. Pide a palabra Jesús Graña para pedir que se complete o expediente, porque hai deducións a varios colectivos sen que conste se teñen reserva orzamentaria ou como se cubrirá a diferenza. Solicita que se pida e se aporte o documento. Juan José Santamaría, amósase satisfeito por poder estar presente, expón o seu desacordo con este punto e salienta que pode haber confusión, na denominación, dos títulos oficiais de Mestrado. Resposta o Reitor que a Lei establece que os Mestrados só poden ser oficiais, pero que en todas as universidades hai Mestrados propios, por acordo dos reitores, que non van contra a legalidade porque non se anuncian como oficiais, e representan unha gran aportación aos orzamentos das universidades públicas, ademais de que permiten aproveitar todo o potencial das propias universidades e contribuír a cubrir necesidades do mercado produtivo. Engade que pasou o trámite xurídico pertinente.

- ***Apróbase, coa abstención de Juan José Santamaría.***



PUNTO 6

Prezos públicos aplicables ao persoal investigador visitante. Proposta de modificación.

Explica o presidente as circunstancias que concorren neste punto, que se incorporará como anexo ao Regulamento do Persoal Investigador Visitante, aprobado en pleno polo Consello Social o 30 de setembro de 2020.

- ***Apróbase.***

PUNTO 7

Proposta para a composición das Comisións permanentes do Consello Social: Executiva, Económica e Actividades e Servizos.

Baseándose na normativa aplicable, preferentemente os artigos 18 e 19 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social, describe o presidente o xeito no que se conformaron as comisión, os criterios que se tiveron en conta e a ponderación deses criterios no que se basearon as propostas que presentará de seguido ao pleno:

Comisión Executiva:

Presidente: Ernesto Pedrosa Silva
Vogais: Manuel Joaquín Reigosa Roger
María Gloria Blanco Rial
Xulio Calviño Rodríguez
Francisco Gustavo Izquierdo Martínez
María Elvira Larriba Leira
María Sol Novoa Rodríguez

Comisión Económica:

Presidente: Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
Vogais: Raquel María Souto García
José María Martín Moreno
Emilio Fernández Zunzunegui
Jesús Graña Nogueiras
Antonio Macho Senra
Rosa María Sánchez Gándara

Comisión de Actividades e Servizos:

Presidente: Ernesto Pedrosa Silva
Vogais: Miguel Ángel Michinel Álvarez
César Blanco Gómez
Mercedes Castro Mouzo
María Teresa Cendón Alonso
José María Franco García
Yolanda López Fernández
Ana María Ortiz Álvarez

Intervén Juan José Santamaría para discrepar co procedemento, entendendo que deberíase presentar unha proposta concreta sobre a que deliberar, e ter aberto un período para candidatar que non se fixo; cuestiona a facultade do presidente para decidir, por entender que a proposta que formule poderá ser referendada ou modificada polo Pleno; ademais a maiores defende que se modifique o Regulamento para que todos os membros poidan pertencer a algunha comisión. Resposta o presidente que non todos os membros teñen dispoñibilidade para integrar unha comisión e que o establecido no Regulamento ao respecto do número de membros é operativo e acaído ás necesidades e ás posibilidades do Consello Social.

- ***O Pleno aproba as propostas, coa abstención de Juan José Santamaría.***



PUNTO 8

Designación de representantes do Consello Social no Consello de Goberno e nas comisións correspondentes.

Ernesto Pedrosa anuncia a continuidade dos actuais representantes ante o Pleno do Consello de Goberno e nas respectivas comisión: Ernesto Pedrosa (Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes); César Blanco (Comisión de Organización Académica e Profesorado); e Xulio Calviño (Comisión de Investigación e Comisión de Planificación e Asuntos Económicos).

- ***O Pleno aproba a proposta, coa abstención de Juan José Santamaría.***

PUNTO 9

Designación de representantes do Consello Social na Comisión de Igualdade, na Mesa de Contratación e na Comisión de Estudos Propios da Universidade de Vigo.

Conforme ás facultades das que dispón, o presidente informa da proposta de Mercedes Castro para continuar na Comisión de Igualdade, e da delegación en Jesús Graña como vocal na Mesa de Contratación da UVigo, en representación do Consello Social. Queda pendente de designar a representación na Comisión de Estudos Propios da UVigo, á espera de completar os cometidos, os requirimentos e o perfil axeitado para desenvolver o traballo. Juan José Santamaría intervéñ para pedir que se solicite un informe xurídico respecto das incompatibilidades, para evitar conflitos de interese e "para maior seguridade". Resposta o presidente que en principio non ve necesario solicitar un informe xurídico neste punto.

- ***Apróbase, coa abstención de Juan José Santamaría.***

PUNTO 10

Acordo que proceda sobre a participación do Consello Social na convocatoria "Ourense Rural", promovida pola UVigo para o curso 2021/2022.

Expostos os obxectivos e aspectos máis salientables da proposta, interésase Emilio Zunzunegui por saber se disporán das mesmas oportunidades en Pontevedra, respondendo o presidente que dende o Consello Social pídeselle expresamente que se estenda a toda a UVigo tan pronto sexa posible. Armando Ojea advirte sobre a dificultade de determinar e definir o domicilio familiar, e outras intervencións reflexionan sobre a conveniencia de se 5 quilómetros é xa unha distancia suficiente para acceder ás axudas, porque poderían ser solicitadas dende dentro do mesmo municipio no que está o Campus. Tras un intercambio de impresións,

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola UVigo, correspondentes ao mes de xullo e agosto de 2021.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Tras deixar constancia da cordialidade constante na que se desenvolven as reunións do Consello Social, Elena Añel pronúnciase a favor de que a Xunta de Galicia retome a exclusividade do Máster de Enxeñaría Aeronáutica para o Campus de Ourense e pide ao equipo reitoral que así o demande, por entender que é a única solución para desbloquear as negociacións coa USC que adían e impiden a súa posta en marcha, imprescindible para o alumnado de Grao que se gradúa na titulación. O Reitor, que apela tamén a que se recupere o bo ton nos debates do Pleno, responde que as negociacións proseguen para acadar un documento negociado e acordado que permita presentar o Máster, e que calquera outra petición diferente tería escasa viabilidade, entendendo que tampouco procede presentar un documento (o de exclusividade) que xa foi rexeitado. Manuel Reigosa engade que se lle solicitou á Consellería un prazo extraordinario para tentar un documento con garantías. Replica a conselleira que os prazos



extraordinarios non teñen xa cabida cando parece evidente que as negociacións non van ir adiante. Contesta o Reitor que o equipo da Escola é o máis interesado en sácalo, e que dispor dun documento consensuado é un primeiro paso imprescindible e inevitable. Elena Añel alega que lle corresponde á UVigo loitar polo Máster, e pide que así o faga.

No mesmo senso pronúnciase César Blanco, quen despois de apelar a que se evite a tensión no Pleno e se retome o acordo e o consenso permanente e constante mantido ata esta sesión, reclama que a UVigo tome a iniciativa e faga o maior esforzo en acadar o Máster. Armando Ojea amosa o seu descontento e reivindica a inmediata implantación do Máster.

César Blanco interesa tamén do Reitor que teña en conta que estanse a perder grandes oportunidades de emprego dos egresados por non haber prazas suficientes no Máster de Ensinanza Secundaria que lles permitan participar nos procesos selectivos. Nesta mesma liña volta a pronunciarse Xosé Manuel Atanes (xa o fixera no pleno de setembro de 2020), pedindo que a UVigo presione porque a demanda é alta e real. Na súa intervención faia tamén unha chamada ao consenso, lembrando que houbo intensos debates anteriores por causas máis importantes e non se chegou á situación de controversia como a vivida nesta sesión. Manuel Reigosa comprométese a insistir nesa demanda pero obxecta que a Xunta de Galicia amósase inflexible no número de prazas do Mestrado, aínda admitindo que o estudantado que non atopa saídas sairá a outras zonas a buscalas.

Intervén Juan José Santamaría, respecto do punto 5, para subliñar que os prezos parécenlle altos, e pedir visión de futuro tendo en conta que o Goberno tende a taxas cero nas titulacións oficiais, co obxectivo de avanzar cara a unha universidade gratuítas. Respecto do punto 7 reprocha que non se teña posibilitado a presentación de candidaturas, e que non se presentase unha proposta concreta para deliberar. Sobre do punto 10 aplaude a iniciativa, pero entende que cinco quilómetros parécenlle poucos para subvencionar esa distancia, e pide que na valoración de solicitudes se contemplen tamén as posibilidades de desprazarse en transporte público. Lamenta que non se teña informado do período aberto polo Ministerio de Universidades para a consulta pública do anteproxecto da Lei Orgánica do Sistema Universitario, e entende que o Consello Social debeu ser convocado para formar opinión e evacuar propostas. Finalmente pide que conste en acta que discrepa parcialmente da resposta dada (acta do 29.06.2021) á súa proposta de que *cando a universidade pague atrasos do exercicio anterior, xa vencido e contabilizado, atribúanse no certificado do IRPF ao exercicio que se cobre*, incorporando un novo texto que se remitirá ás instancias oportunas.

O Reitor ofrécese a aportar na próxima reunión unha análise do anteproxecto dos aspectos máis destacados da LOSU.

Ernesto Pedrosa afirma que toma nota do exposto durante as intervencións, e que as consideracións respecto das Bolsas do rural serán trasladadas aos promotores. E no tocante á LOSU remítese ao xa dito no seu informe inicial. Por último, o presidente agradece as aportacións, preguntas e reflexións e incluso críticas "feitas dende a cordialidade e bo ton", facendo unha chamada a que nas reunións do Pleno se manteña e afonde na participación e implicación de todos os membros, feitas "dende a crítica construtiva e o respecto, e dentro dos obxectivos reais e precisos do Consello Social, e que se volva ao debate sereno e de proveito, como se fixo e aconteceu sempre". Neste senso exhorta a Juan José Santamaría a que aporte a súa valía e experiencia en positivo, nunha reflexión que remata afirmando que "a boa actitude para o debate positivo e respectuoso depende de todos, tamén de vostede e de min".

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:00 horas do 23 de setembro de 2021, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

O secretario,

Ernesto Pedrosa Silva

Ignacio Rodríguez Iglesias